



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2025-2026

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 29 de maio de 2025, o Plan Económico Financeiro do Concello de Malpica de Bergantiños e en cumprimento do disposto no artigo 26.1 do R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, publícase o texto íntegro do mesmo no Portal de Transparencia e no Boletín Oficial da Provincia a efectos exclusivamente informativos segundo se recolle no mencionado artigo:

“PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA O PERÍODO 2025-2026

1. INTRODUCCIÓN

O artigo 135 da Constitución Española establece que todas as administracións públicas están sometidas ao principio de estabilidade orzamentaria e límite de endebedamento que serán obxecto de desenrolo mediante lei orgánica. A esta orde constitucional responde a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), que ten como obxecto establecer os principios reitores aos que debe someterse a política orzamentaria do sector público así como os procedementos necesarios para a súa aplicación efectiva. Estes principios son a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira e a eles se someterán todos os entes indicados no artigo 2 desa lei orgánica entre os cales están as corporacións locais (apartado 1.c).

1.1. Estabilidade orzamentaria.

O artigo 3 da LOEPSF regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea” e defínese a estabilidade orzamentaria das administracións públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural. O artigo 11 desa norma ven a instrumentar ese principio ao fixar que tanto a elaboración como a aprobación e a execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas someteranse ao mesmo.

1.2. Sustentabilidade financeira.

Pola súa banda o principio de sustentabilidade financeira defínese no artigo 4 LOEPSF como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

comercial conforme ao establecido nesta lei orgánica, a normativa sobre morosidade e a normativa europea.

Distínguese, por unha banda, a sustentabilidade na débeda pública, que se instrumentaliza no artigo 13 LOEPSF onde se regulan os límites ao volume desa débeda, medido en termos do Protocolo sobre Procedemento de Déficit Excesivo (PDE).

Por outra banda, enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pagamento (PMP) non supera o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, que actualmente está fixado en trinta días (Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais).

1.3. Regra de gasto.

Os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira complétanse cunha terceira regra fiscal regulada no artigo 12 da LOEPSF: a regra de gasto, establecida na normativa europea e en virtude da cal o gasto das administracións públicas non poderá incrementarse por enriba da taxa de crecemento de referencia do Produto Interior Bruto (PIB). En concreto, a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento PIB de medio prazo da economía española. Aos efectos de calcular a regra de gasto, esta taxa estableceuse no 2,6% para o ano 2024; 3,2% para o exercicio 2025 e o 3,3% no 2026, segundo información da Oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais en relación coa elaboración dun plan económico-financeiro para o período 2025-2026.

1.4. Consecuencias do incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda e regra de gasto.

O artigo 21 LOEPSF indica que, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro (PEF) que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento desas tres regras fiscais co contido e alcance previstos nese artigo.

No informe da intervención municipal relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda na liquidación do orzamento do ano 2024, emitido en data 12 de marzo de 2025, conclúese que o Concello de Malpica de Bergantiños incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, deberán aplicarse as medidas reguladas nos artigos 21 e 23 da LOEPSF, que consisten basicamente na elaboración dun plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

seguinte (2025 e 2026) volver a unha situación de equilibrio ou superávit en termos de contabilidade nacional.

2. PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO

Segundo o previsto no artigo 23 da LOEPSF os plans económico financeiros elaborados polas corporacións locais deberán ser aprobados polo pleno municipal, tendo en conta a aplicación do seguinte calendario:

1º) O plan deberá ser presentado ante o pleno no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, neste caso desde a data de aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2024 que foi o 13 de marzo de 2025.

2º) O plan deberá ser aprobado polo pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.

3º) A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

4º) O plan deberá ser remitido á Comunidade Autónoma así como á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.

5ª) Este plan será obxecto da mesma publicidade que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade. En concreto e de conformidade co artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, unha vez aprobado polo pleno, será inserido, a efectos exclusivamente informativos, no boletín oficial da provincia.

3. CONTIDO DO PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO

Segundo o artigo 21 da LOEPSF, o plan económico-financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extra-orzamentarios nos que se contabilizarán.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.

e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Por outra banda, o artigo 9.2 da Orde HAP 2105/2012 establece que nos casos en que sexa necesario que a entidade local elabore un plan económico financeiro este conterá, xunto co previsto no devandito artigo 21 LOEPSF, aló menos a seguinte información:

a) As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data para a súa implementación.

b) A estimación e xustificación dos axustes en contabilidade nacional e a coherencia co límite do gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra de gasto.

c) A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesouraría para gastos xerais.

Ademais do contido antes indicado, o artigo 116.bis na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) ven a establecer no seu apartado segundo o contido adicional que o plan debe presentar, tendo que incluír aló menos algunha das seguintes medidas:

a) Supresión das competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.

b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir custes.

c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custes.

d) Racionalización organizativa.

e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

3.1. Horizonte temporal do plan.

O obxectivo deste plan económico-financeiro é lograr o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública e da regra de gasto nos anos 2025 e 2026, de acordo co artigo 21.1 LOEPSF cando establece literalmente que *“en caso de incumplimento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, la Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto (...)”*.

En consecuencia, este Concello, e así queda reflexado no presente plan, deberá volver á situación de equilibrio con data máxima o 31 de decembro de 2026, é dicir, con ocasión da liquidación do exercicio 2026. Este é, pois, o horizonte temporal deste plan.

3.2. Ámbito subxectivo do plan.

A. Axentes que constitúen a administración local, segundo establece o artigo 2.1 LOEPSF (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional):

Entidade local: Concello de Malpica de Bergantiños
Organismos autónomos: ningún.

Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: ningún.

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEPSF, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

Sociedade Mercantil: ningunha.

3.3. Causas do incumprimento da estabilidade orzamentaria (artigo 21.2 a) da LOEPSF).

A elaboración do presente plan económico-financeiro é consecuencia do resultado da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria efectuado pola intervención municipal en relación ao expediente da liquidación do exercicio 2024. Segundo o informe de intervención, de data 12 de marzo de 2025, a



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

liquidación do orzamento do ano 2024 incumpre ese obxectivo arroxando un déficit ou necesidade de financiamento por importe de 229.601,73 euros.

Para realizar un diagnóstico da situación actual, expóñense as magnitudes orzamentarias e económicas máis significativas dos tres últimos exercicios liquidados deste Concello:

I. Evolución dos gastos

DENOMINACION	ORN 2022	ORN 2023	variación 2022- 2023	ORN 2024	variación 2023- 2024
Gastos Correntes	5.750.707,62 €	5.050.027,39 €	-12,18%	5.822.250,19 €	15,29%
Gastos de Capital	730.477,39 €	1.454.736,39 €	99,15%	1.009.814,99 €	-30,58%
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	6.481.185,01 €	6.504.763,78 €	0,36%	6.832.065,18 €	5,03%
activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00%	1.057,84 €	-
pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00%	39.060,30 €	-
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00 €	0,00%	39.060,30 €	-
Gasto Total	6.481.185,01 €	6.504.763,78 €	0,36%	6.871.125,48 €	5,63%

II. Evolución dos ingresos

DENOMINACIÓN	DRN 2022	DRN 2023	variación 2022- 2023	DRN 2024	variación 2023- 2024
Ingresos Correntes	5.471.990,94 €	5.385.099,86 €	-1,59%	5.591.817,91 €	3,84%
Ingresos de Capital	381.154,83 €	449.632,23 €	17,97%	689.720,42 €	53,40%
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS	5.853.145,77 €	5.834.732,09 €	-0,31%	6.281.538,33 €	7,66%
activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00%	450,64 €	-
pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	-
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00 €	0,00%	450,64 €	-
Ingreso Total	5.853.145,77 €	5.834.732,09 €	-0,31%	6.281.988,97 €	7,67%

III. Outras magnitudes

	2022 (€)	2023 (€)	2024 (€)
Resultado orzamentario axustado	559.488,93	543.655,27	252.959,82
Aforro neto	759.480,02	1.315.095,66	717.667,16
Estabilidade orzamentaria	-662.865,07	-1.293.581,18	-229.601,73
Cumprimento/incumprimento da regra de gasto	-760.742,74	-595.153,85	818.895,50
Remanente de tesouraría total	2.090.622,03	1.420.135,88	725.720,18
RTGG⁽¹⁾	1.874.459,81	1.121.742,36	505.114,84

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

	2022 (€)	2023 (€)	2024 (€)
RTGFA⁽²⁾	18.868,50	47.237,12	14.185,57
Saldo de tesouraría a 31 de decembro	1.725.320,89	1.502.634,90	530.364,65
Volume de débeda viva en termos PDE	0,00	0,00	0,00
Volume de débeda en termos do art. 53 TRLHL	5,16%	5,87 %	4,35%
Período medio de pagamento a 31 de decembro	46,85	62,61	56,66
Saldo de operacións pendentes de aplicar ao orzamento a 31 decembro (conta 413)	188.725,95	808.670,19	513.589,63

(1) RTGG: remanente de tesouraría para gastos xerais

(2) RTGFA: remanente de tesouraría para gastos con financiamento afectado

Dos datos dos cadros anteriores obsérvase que os gastos non financeiros de natureza corrente incrementáronse mais que os ingresos desa natureza. Non obstante, neses gastos están os correspondentes aos recoñecementos extraxudiciais de créditos derivados de obrigas devindicadas no ano 2023. No cadro III é onde figura a información que require terse en conta de cara a tomar as medidas que se recollan neste plan:

- Redución significativa do resultado orzamentario no 2024, pero mantense positivo.
- Déficit ou necesidade de financiamento no período 2022-2024, ou sexa, a estabilidade orzamentaria incumpríuse neses tres exercicios, se ben no 2022 e 2023 esa regra fiscal estaba suspendida e non foi necesario elaborar un PEF.
- Incumprimento da regra de gasto no 2022 e 2023, aínda que tampouco foi necesario elaborar un PEF por estar suspendida esa regra fiscal neses anos.
- Elevados saldos das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento por insuficiencia de crédito (facturas incluídas na conta 413).
- Elevada redución do RTGG como consecuencia da súa utilización ao estar suspensas as regras fiscais no período 2020-2023 pero tamén por destinarse a financiar os recoñecementos extraxudiciais de crédito nese período, ou sexa, para aprobar as devanditas facturas incluídas na conta 413 pendentes do exercicio anterior.
- Redución significativa do saldo de tesouraría a 31 de decembro de 2024 consecuencia da redución do RTGG e da evolución ao alza do gasto corrente.
- Incumprimento do período medio de pagamento o cal garda relación con esas obrigas pendentes de aplicar (conta 413) por insuficiencia de crédito. A tramitación dos recoñecementos extraxudiciais alongou os prazos para o seu pagamento.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Finalmente hai que engadir o manifestado pola interventora municipal no devandito informe emitido o 12 de marzo de 2025 en relación co cumprimento das regras fiscais do ano 2024, en concreto co incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria:

“A principal causa de incumprimento deste obxectivo está no saldo final dos acredores por obrigas devindicadas pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413), que corresponden case na súa totalidade a gastos autorizados sen crédito suficiente o cal levaría, se así se aprecia polo Pleno, á súa aprobación mediante un recoñecemento extraxudicial de créditos. Como se indica mais arriba, a 31/12/2024 ese saldo ascendeu a 513.583,63 €. De feito, se o seu importe non tivese superado a cifra de 283.987,90 €, obteríase unha situación de equilibrio en termos SEC. En relación con isto, lémbrese o manifestado por esta intervención no informe emitido en data 08/03/2024 en relación coa avaliación da capacidade ou necesidade de financiamento na liquidación do orzamento do exercicio 2023 (expediente 2024/T019/000001):

“Merece especial atención a cifra de necesidade de financiamento. O exercicio 2022 tamén se liquidou con déficit e isto debe ser motivo de preocupación especialmente porque no exercicio 2024 xa non hai suspensión das regras fiscais e un incumprimento das mesmas obrigaría a elaborar un plan económico-financeiro”.

Por tanto, considérase prioritaria a redución da cifra de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento por insuficiencia de crédito xunto con outras medidas que permitan retomar a senda de estabilidade.

3.4. Previsións tendenciais de ingresos e gastos (artigo 21.2 b) da LOEPSF)

Dada a situación económica actual, fórmulanse as seguintes previsións tendenciais de ingresos e gastos por capítulos para os anos 2025 e 2026, que son os anos de vixencia deste plan. De non atoparse ningunha medida das contempladas no plan, a estimación da liquidación dos orzamentos dese exercicios arrojaría estes datos:

A) EVOLUCIÓN PREVISTA PARA OS INGRESOS (estimación de dereitos recoñecidos netos a 31/12):

ESTADO DE INGRESOS	DRN estimados 2025 (€)	DRN estimados 2026 (€)
1. Impostos directos	1.371.106,34	1.382.268,90
2. Impostos indirectos	50.253,14	43.865,81
3. Taxas e outros ingresos	1.283.599,25	1.070.452,90
4. Transferencias correntes	3.300.937,94	3.016.994,51

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

5. Ingresos patrimoniais		0,00
Total ingresos correntes	6.005.896,67	5.513.582,12
6. Alleamento invest. Reais	0,00	0,00
7. Transferencias de capital	608.255,25	694.066,51
Total ingresos de capital	608.255,25	694.066,51
TOTAL INGRESOS NON FINANC.	6.614.151,92	6.207.648,63
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS FINANC.	0,00	0,00
TOTAL	6.614.151,92	6.207.648,63

B) EVOLUCIÓN PREVISTA PARA OS GASTOS (estimación de obrigas recoñecidas netas a 31/12):

ESTADO DE GASTOS	ORN Estimadas 2025 (€)	ORN estimadas 2026 (€)
1. Gastos de Personal	1.583.583,74	1.581.881,03
2. Bens e seivicios correntes	4.371.665,94	3.219.849,40
3. Gastos financeiros	10.855,70	5.121,39
4. Transferencias correntes	202.377,58	160.404,66
Total gastos correntes	6.168.482,95	4.967.256,47
6. Invetimentos reais	596.466,70	1.106.639,43
7. Transferencias de capital	0,00	0,00
Total gastos de capital	596.466,70	1.106.639,43
TOTAL GASTOS NON FINANC.	6.764.949,65	6.073.895,91
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	96.473,88	11.688,26
TOTAL GASTOS FINANC.	96.473,88	11.688,26
TOTAL	6.861.423,53	6.085.584,17

Estas estimacións tomaron como punto de partida as liquidacións dos anos 2022, 2023 e 2024.

INGRESOS:

Para os ingresos de natureza non financeira efectuáronse estimacións a partir das medias do grado de execución dos anos 2022 a 2024.

O capítulo 8 recolle as devolucións de anticipos a funcionarios. A súa contía soe ser moi reducida e ao tratarse dun ingreso financeiro que non ten relevancia no cálculo da regra de gasto e a estabilidade orzamentaria estimouse con importe cero.

Respecto ao capítulo 9, o importe é cero pois non se prevé realizar operacións de endebedamento no período 2025-2026.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

GASTOS:

Para os de natureza non financeira tamén se tivo en conta o grado de execución dos gastos nos capítulos 1 ao 6 dos exercicios 2022 a 2024. Como non se prevé a realizar gastos en transferencias de capital (capítulo 7) nese período, os importes son cero.

O capítulo 8 recolle gastos por anticipos a funcionarios. A súa contía estimouse con importe cero pola mesma razón que nos ingresos.

Os pasivos financeiros calculáronse de acordo co plan de amortización da débeda, que corresponde na súa totalidade ás devolucións dos préstamos PAI da Deputación segundo o plan de amortización, salvo no 2025 onde hai unha extraordinaria financiada co POS+ 2025.

Con estes datos a evolución tendencial dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública quedarían como segue:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA TENDENCIAL	2025	2026
Ingresos non financeiros	6.614.151,92	6.207.648,63
Gastos non financeiros	6.764.949,65	6.073.895,91
Capacidade/Necesidade fin. sen axustes	-150.797,73	133.752,72
Axustes SEC	-34.589,28	5.882,60
Capacidade/Nec. fin. despois axustes	-185.387,01	139.635,33

REGRA DE GASTO TENDENCIAL	2025	2026
a) Gasto computable liquidación exercicio anterior	4.603.777,67	4.751.098,55
b) Taxa referencia	3,20%	3,30 %
c) Aumentos e diminucións (art.12.4 LOEPSF)	0,00	0,00
d) Límite regra de gasto (a x (1+b))+/-c)	4.751.098,55	4.907.884,80
e) Gasto computable do exercicio	5.070.081,87	4.389.028,13
Cumprimento/incumprimento da regra de gasto	-318.983,32	848.366,44

Os axustes SEC obtéñense dos seguintes cálculos:

	2025		2026	
	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS	GASTOS
AXUSTES SEC POSITIVOS	0,00	0,00	0,00	0,00
AXUSTES SEC NEGATIVOS	-84.589,28	-50.000,00	-34.117,40	-40.000,00
SUMAS	-84.589,28	-50.000,00	-34.117,40	-40.000,00

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

TOTAL AXUSTES SEC ESTIMADOS	-34.589,28	5.882,60
------------------------------------	-------------------	-----------------

As cifras dos ingresos corresponden aos axustes nos capítulos 1 ao 3 de gastos por aplicación do criterio de caixa, que son os realmente significativos neste concello. Sobre os DRN estimados en 2025 e 2026 aplícase unha porcentaxe media obtida dos datos dos exercicios 2022 a 2024.

As cifras de gastos obtivéronse das estimacións dos saldos da conta 413 nos plans orzamentarios a medio prazo 2026-2028.

Ademais, para as estimacións do gasto computable os axustes por transferencias finalistas obtivéronse da media dos anos 2022 a 2024.

3.5. Medidas concretas que se propoñen para o plan económico financeiro do concello de Malpica para o período 2025-2026(artigo 21.2 c) da LOEPSF e artigo 9.2 a) da orde HAP/2105/2012)

Á vista da evolución no período 2022-2024 de magnitudes como os gastos correntes, RTGG, saldos de tesouraría e as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro, así como as previsións para 2025 e 2026, que prevén un incumprimento das regras fiscais no 2025, resulta necesario adoptar medidas que permitan retomar a senda de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra de gasto. Esas medidas serían as seguintes:

1. Redución de gastos no capítulo 1 (persoal) concretamente unha minoración da contía en gratificacións e horas extraordinarias. Se espera a cobertura de varias prazas vacantes no servizo de augas, policía local e servizos múltiples. Isto permitiría que o persoal actual non tivese que realizar tantos traballos extraordinarios cun custo-hora mais elevado. Estímase unha minoración de 25.000 euros no gasto dese capítulo.
2. Redución de gastos no capítulo 2 (bens e servizos correntes) axustando a contratación menor ao disposto nas bases de execución do orzamento de xeito que se evite autorizar gastos sen efectuar a necesaria retención de crédito. Desta maneira se busca reducir o volume de acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) que supón unha maior (menor) necesidade (capacidade) de financiamento e un maior gasto financeiro computable. Con esta medida prevese unha redución de gasto en 100.000 euros.
3. Redución de gastos nos capítulos 2 e 6 (investimentos) mediante a redución da contratación menor en favor doutros procedementos de contratación onde prime a maior concorrência e se mellore o prezo do contrato. Estímase unha minoración de 20.000 euros no capítulo 2 e de 75.000 euros no capítulo 6.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

4. Redución de gastos no capítulo 6 mellorando a planificación dos investimentos mediante o establecemento de obxectivos para cada exercicio de xeito que se limite o gasto segundo as prioridades, así como buscar maior financiamento alleo. Estímase así unha redución de 100.000 euros.

Prevese aplicar estas medidas para que produzan efectos no 2025, a partir do segundo semestre, xa que as previsións tendenciais para ese ano son de incumprimento das regras fiscais, non así no 2026.

3.6. Medidas recollidas no artigo 116.bis da Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

En relación ao contido adicional que o artigo 116.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) ven a fixar para o plan económico financeiro, considera esta alcaldía que merecen efectuarse as seguintes apreciacións:

- Non se considera necesario suprimir competencias distintas das propias e das exercidas por delegación, dado que as medidas antes propostas considéranse suficientes para lograr os obxectivos do plan.
- Respecto á xestión integrada e coordinada dos servizos obrigatorios que presta o concello para reducir custes, estase á espera das actuacións da Deputación Provincial como ente coordinador deses servizos de acordo co disposto no artigo 26 da LBRL.
- Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta o Concello. Está en estudo a revisión dos tributos e outros ingresos correntes especialmente o Imposto de Bens Inmóveis pero non é necesario poñela en marcha de forma inmediata por considerarse suficientes as medidas descritas no apartado 3.5. Ademais cóntase coa financiación daquela parte POS+ da Deputación Provincial para gastos correntes en servizos obrigatorios onde hai un certo marxe para axustar a súa contía ás necesidades do Concello.
- Racionalización organizativa. Está prevista a confección dunha relación de postos de traballo que permita mellorar a estrutura e organización do persoal municipal se ben non se cuantificaron os beneficios de cara a este plan económico-financeiro, aínda que se agarda que redunden positivamente no mesmo.
- Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio. Este concello non ten entidades desta natureza.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

– Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia. Considérase que tampouco se trata dunha medida necesaria por canto que tal e como se ven demostrando o Concello de Malpica, a pesares do seu orzamento limitado, ten capacidade suficiente para seguir prestando os servizos básicos aos seus veciños sen ser necesario fusionarse con outros.

3.7. Previsión de evolución das magnitudes económicas e orzamentarias (artigo 21.2 d) LOEPSF e artigo 9.2 c) da Orde HAP/2105/2012)

Aplicando as medidas descritas no apartado 3.5 estímase a seguinte evolución das principais magnitudes orzamentarias para os anos 2025 e 2026:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA (aplicando medidas PEF)	2025	2026
a) Ingresos non financeiros	6.614.151,92	6.207.648,63
b) Gastos non financeiros	6.444.949,65	6.073.895,91
c) Capacidade/Necesidade fin. sen axustes (a-b)	169.202,27	133.752,72
d) Axustes SEC	-34.589,28	5.882,60
Capacidade/necesidade fin. despois axustes (c+d)	134.612,99	139.635,33

REGRA DE GASTO (aplicando medidas PEF)	2025	2026
a) Gasto computable liquidación exercicio anterior	4.603.777,67	4.750.081,87
b) Taxa referencia	3,20%	3,30 %
c) Aumentos e diminucións (art.12.4 LOEPSF)	0,00	0,00
d) Límite regra de gasto (a x (1+b))+/-c)	4.751.098,56	4.906.834,57
e) Gasto computable do exercicio	4.750.081,87	4.389.028,13
Cumprimento/incumprimento da regra de gasto	1.016,68 €	517.806,44

OUTRAS MAGNITUDES	2025	2026
Aforro bruto	-151.730,59	551.447,04
Aforro neto axustado	263.228,16	527.100,70
RTGG	351.812,24	504.418,73
RTGFA	30.711,35	27.274,07
Saldo de tesouraría a 31 de decembro	296.066,51	413.215,58
Volume de débeda viva en termos PDE	0,00	0,00
Volume de débeda en termos do art. 53 TRLHL	2,45%	2,45%

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4. CONCLUSIÓNS

Á vista do contido deste plan exposto nos apartados anteriores, formúlanse as seguintes conclusións:

- No informe emitido pola intervención municipal en relación á liquidación do exercicio 2024 constatouse o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria esixido pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira .
- Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da Lei Orgánica, esta alcaldía elaborou o presente plan económico-financeiro para a súa aprobación polo pleno.
- Da análise da situación do económica do concello deben adoptarse as medidas recollidas no apartado 3.5 deste plan para lograr o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto nos anos 2025 e 2026.”

Asinado dixitalmente por D. Eduardo José Parga Veiga, alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños.